

## ACTA

En Arzúa, a 12 de maio de 2015.

Sendo as 10.10 horas, reúnense nunha das aulas situadas no 1º andar do Edificio Multiusos “Terra do Queixo” os seguintes membros –integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de **oposición**, convocado para a provisión dun posto de traballo de **tractorista e operario de servizos varios**, cuxa contratación laboral temporal –por un período de dezaoitto meses- acordouse realizar a través das Bases aprobadas por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 27 de marzo de 2015.

Asisten a esta reunión os seguintes membros da Comisión Seleccionadora.

- Presidente: don Luis Fole Barrio.
- Secretario: don Juan Colmenares López-Soldado.
- Vogais:
  - Don Ramón Verea Castelo.
  - Don Jesús Rúa Taboada.
  - Don Secundino Quiñoy Amboage.

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, -de conformidade co disposto no artigo 26, nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, o Sr. presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de valorar o primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición convocada; cuxo exercicio consistirá en responder a un cuestionario de vinte cuestións, sobre o contido dos tres temas que compoñen o temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

Para o cal polo presidente e por os tres vogais, elaboráronse as vinte preguntas en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera tres respotas alternativas, sendo só unha de tales respotas a considerada como correcta; e igualmente elaboráronse catro preguntas de reserva, para o suposto de que se demostrase que algunha das vinte preguntas indicadas non poidera ser encadrada dentro do temario.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias dos catro folios que conteñen as cuestións elaboradas, procedeuse a facer entrega das mesmas a cada un dos nove aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos quince que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, cunha X ou cun círculo.

- Que se valoraría con 0,50 puntos cada resposta correcta, restando 0,15 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10, para superar o exercicio.

- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante serían publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, na mañá do día de hoxe, con indicación ao mesmo tempo de cal será o día, lugar e hora en que se realizará a proba práctica da oposición.

- Que o tempo máximo para responder ás vinte cuestións elaboradas, sería de 20 minutos, desde as 10.15 horas ata as 10.35 horas.

Sendo dito cuestionario o seguinte coas respostas correctas marcadas en negra:

**1.- En traballos con tractor deberase de evitar traballar en zonas con curvas de nivel a máis do:**

- A) 15% de pendente
- B) 25% de pendente
- C) 20% de pendente**

**2.- Cando se está a traballar nunha vía pública de dobre sentido con tractor e rozadora-desbrozadora-trituradora de brazo, a sinalización vertical preventiva deberá estar situada a unha distancia de:**

- A) 500 m.
- B) 150 m.
- C) 300 m.**

**3.- Segundo a regulamentación vixente, a primeira ITV dun tractor é obrigatoria aos:**

- A) 5 anos
- B) 8 anos**
- C) 6 anos

**4.- Na limpeza de cunetas, a vexetación rozada-desbrozada deberá quedar totalmente triturada ou ben:**

- A) retirarse da cuneta**
- B) deixarse na cuneta
- C) deixarse sobre a beiravía

**5.- Antes de abandonar o tractor ao que estea enganchada unha rozadora-trituradora, seguiranse por orde os seguintes pasos:**

- A)
  - 1.- desacelerar o motor
  - 2.- baixar a rozadora-trituradora enganchada ao grupo hidráulico traseiro
  - 3.- poñer o freo de estacionamento
  - 4.- quitar a chave de acendido do cadro de mandos

- B)
  - 1.- baixar a rozadora-trituradora enganchada ao grupo hidráulico traseiro**
  - 2.- desacelerar o motor**
  - 3.- poñer o freo de estacionamento**
  - 4.- quitar a chave de acendido do cadro de mandos**

- C)
  - 1.- desacelerar o motor
  - 2.- poñer o freo de estacionamento
  - 3.- baixar a rozadora-trituradora enganchada ao grupo hidráulico traseiro
  - 4.- quitar a chave de acendido do cadro de mandos

**6.- É obrigatorio para o operario verificar sempre antes de poñer en funcionamento a rozadora-desbrozadora-trituradora que non se encontre ningunha persoa ou animal a menos de:**

- A) 10 m.**
- B) 20 m.
- C) 5 m.

**7.- Está absolutamente prohibido poñerse entre o tractor e a rozadora-trituradora cando:**

- A) O motor estea acendido e o freo de estacionamento estea sen accionar.
- B) O motor estea acendido e a toma de forza en marcha
- C) O motor estea acendido, a toma de forza en marcha e o freo de estacionamento sen accionar.**

**8.- Para o proceso de transporte por estrada dun tractor con rozadora-trituradora suspendida, deberemos de:**

- A) verificar que a toma de forza está desconectada.
- B) poñer en posición de bloqueo a panca de control dos brazos hidráulicos do tractor**
- C) verificar que os parafusos e roscas están ben apertados

**9.- Un accidente por xiro (vuelco) de tractor é cando o tractor efectúa un xiro (vuelco) de:**

- A) 90°
- B) 180°**
- C) 45°

**10.- A protección antixiro (antivuelco) na maioría dos casos evita que o tractor dea un xiro de máis de:**

- A) 180°
- B) 90°**
- C) 45°

**11.- Durante o proceso de desbroce a desbrozadora deberá de ir:**

- A) a media altura
- B) o máis baixa posible**
- C) o máis alta posible

**12.- En tractores equipados con estrutura de seguridade, sexa cabina, cadro-pórtico ou arco, en relación ao cinturón de seguridade:**

- A) non será obrigatoria a súa utilización por dispor desta estrutura de seguridade
- B) en todos os casos será obrigatoria a súa utilización**
- C) só será obrigatoria o seu uso cando se circule por estradas

**13.- No caso de levar remolque ou aperos enganchados no tractor, a velocidade de circulación máxima será de:**

- A) 40 km/h
- B) 25 km/h**
- C) 30 km/m

**14.- Nun tractor o centro de gravidade:**

- A) varía coas masas de lastre que se instalen no tractor**
- B) non varía, é sempre o mesmo
- C) só varía cando se lle enganchan máquinas suspendidas ou semi-suspendidas

**15.- Nun tractor cando se debe de colocar o bloqueo dos pedais de freo?**

- A) cando circule a velocidades altas**
- B) sempre
- C) só cando leve remolque ou máquinas suspendidas

**16.- O eixe de transmisión da toma de forza dun tractor xira a velocidades iguais ou superiores a:**

- A) 540 voltas/minuto**
- B) 450 voltas/minuto
- C) 500 voltas/minuto

**17.- Dos tres tipos de estruturas antixiro (antivuelco) dun tractor, cal é a que ten dous postes?**

- A) Arco de seguridade**
- B) Pórtico de seguridade
- C) Cabina de seguridade

**18.- Canto máis alto estea situado o centro de gravidade do tractor:**

- A) menor será a compoñente de xiro (vuelco)
- B) maior será a compoñente de xiro (vuelco)**

C) o centro de gravidade dun tractor non varía

**19.- Cando se está a traballar cun tractor en zanzas ou gabias, por seguridade:**

A) sairase sempre marcha adiante

**B) sairase sempre marcha atrás**

C) dependerá da vía

**20.- O xiro (vuelco) lateral prodúcese cando a vertical que pasa polo centro de gravidade cae fora da proxección normal do tractor?**

A) non

**B) si**

C) non, só depende da altura do tractor

#### PREGUNTAS RESERVA.

---

**1.- A sinalización temporal cando unha máquina está a traballar nunha vía pública (por exemplo en traballos de roza-desbroce), deberá manterse mentres duren os traballos. Esta sinalización deberá de formularse (plantexarse) con anticipación e co seguinte orde e preferencia:**

**A)**

1.- motorista

2.- peón

3.- traballador da obra

**B)**

1.- peón

2.- motorista

3.- traballador da obra

**C)**

1.- traballador da obra

2.- peón

3.- motorista

**2.- Se está a circular cun tractor e unha roda patina, que mecanismo accionaría?**

A) embrague

**B) bloqueo diferencial**

C) o inversor

**3.- Cales son as causas reportadas máis comúns de lesións serias e morte ao operar con tractores?**

A) Mal estado das rodas, fugas de fluídos hidráulicos e incendios.

B) Intoxicación por monóxido de carbono, queimaduras e ser atropelado.

**C) Xiros, atropelos, quedar atrapado nas partes móbiles e choques.**

**4.- Os dous tipos de xiro (vuelco) que se adoitan dar nun tractor son:**

**A)**

1.- xiro cara atrás

2.- xiro cara a diante

**B)**

**1.- xiro lateral**

**2.- xiro cara atrás**

**C)**

1.- xiro lateral

2.- xiro cara a diante

E así, segundo foron rematando os seus exercicios, os nove aspirantes deixaron os cuestionarios realizados na mesa que existe na Aula, xunto a que estaban sentados os cinco membros da Comisión Seleccionadora; constando en cada cuestionario o nome e apelidos, así como o DNI correspondente a cada aspirante.

Polo que entre as 10.40 horas e as 11.30 horas a Comisión Seleccionadora estivo correxindo eses nove cuestionarios.

Como resultado da corrección dos cuestionarios, a Comisión Seleccionadora, por unanimidade dos seus cinco membros integrantes, otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso orde alfabético de apelidos:

Apelidos e nome	Puntuacións
Fernández Furelos, Jesús Manuel	4,80
Fuentes Lamela, Jose Antonio	6,90
Mariño Río, José Manuel	3
Piñeiro Mella, Iban	3,45

Rodríguez Rey, José Ramón	0,90
Rodríguez Sánchez, David	1,65
Rodríguez Vaamonde, Francisco Javier	2,20
Valiño López, Javier	7,70
Varela Pereira, José Jesús	4,90

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas a cada aspirante, comprobando de novo os cuestionarios contestados, adoptáronse –tamén por unanimidade dos cinco membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro**: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos nove aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da oposición convocada.

**Segundo**.- Facer saber aos aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 5 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen dito proceso.

**Terceiro**.- Convocar aos dous aspirantes que superaron o exercicio teórico don Javier Valiño López y don José Antono Fuentes Lamela, para que comparezan a realizar o **exercicio práctico** da oposición, o vindeiro **día 18 de maio (luns), ás 10.00 horas**, no **Polígono Industrial de Arzúa**, xunto ao lugar onde se atopa o Punto Limpo, na rúa dos Tecelás, cuxo exercicio consistirá en realizar o desbroce que acorde a Comisión Seleccionadora, co tractor-desbrozadora, seguindo para iso o orde alfabético dos seus apelidos.

Co cal douse por rematado o acto, as 11.40 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.